



Recomendación ao Concello de Santiago de Compostela sobre a tramitación dun expediente sancionador de tráfico.

Expediente: A.4.Q/13533/16

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2018

Sr. alcalde.:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. [REDACTED] sobre un presunto de abuso por parte da policía local en relación á incoación dun expediente sancionador de tráfico.

#### ANTECEDENTES

1. No seu escrito, o interesado relataba os feitos acontecidos o día 23 de agosto de 2016 cando aparcou o seu vehículo na rúa Emilia Pardo Bazán de Santiago de Compostela. Intentando estacionar, unha das rodas tocou co bordillo da beirarrúa, que debido a que se atopa excesivamente afilado provocou que a goma reventara. Ante esta situación, púxose en contacto coa policía local para dar parte do sucedido e solicitar que a presenza dunha patrulla no lugar para que valoraran o relatado. Dous axentes persoáronse no lugar pola insistencia do interesado xa que inicialmente negábanse a acudir. Unha vez alí, notificaron o inicio dun procedemento sancionador por “conducir sen a dilixencia e non distracción necesarias para evitar todo dano propio ou alleo”.

2. Requirido informe ao Concello de Santiago de Compostela, a administración local remitiunos un escrito alegando que, tras a chamada do reclamante, informóuselle que non era preceptivo mobilizar ao equipo de atestados por esta situación que, con dar conta á súa respectiva compañía de seguros, para que lle reclame ao Concello os danos da roda, era suficiente, que esta é a forma de proceder ante este tipo de situacións. Pero tras poñerse o equipo de atestados en contacto co requirente, acudiu unha patrulla, e alí, os policías actuantes constataron que a manobra de estacionamento foi incorrecta.

3. Coa información anterior, esta Institución considerou preciso complementar a información dado que resulta necesario aclarar o procedemento protocolizado polo Concello de Santiago ante reclamacións patrimoniais dada a aparente discrepancia derivada do informe. Así, por unha parte insístese en non ser necesaria a presenza policial para corroborar os feitos que poden provocar unha reclamación dese tipo, e por outra, consta no informe que a compañía de seguros contacta coa sección de atestados para obter o informe preceptivo. Ademais, entendemos necesario ampliar información sobre o expediente da sanción imposta, os fundamentos e probas nos que se basea a incoación do mesmo.

4. En resposta á petición anterior, recibimos dous escritos do concello, un no que se confirmaba que o interesado presentou alegacións ante a notificación do inicio de expediente sancionador e outro no que se facía alusión ao procedemento habitual ante reclamacións por danos patrimoniais. Sen embargo, no se realiza mención algunha sobre os fundamentos e probas nos que se basea a incoación do expediente sancionador. Chama a atención a descrición do lugar (arista viva sen achafanar e sen danos visibles) cun resultado de condución sen dilixencia debida. Para esta defensoría resultaba imprescindible valorar a motivación que substancia o expediente sancionador obxecto de controversia, polo que unha vez máis requiriuse ao concello información complementaria sobre tal aspecto.

5. Nun terceiro informe, o Concello de Santiago remite unha nova ratificación por parte do axente baseándose na observación do lugar e nas manifestacións do interesado no momento. Xúntase fotografías nas que se ve o vehículo do reclamante perfectamente estacionado.

## ANÁLISE

Por parte desta Institución, unha vez estudadas e analizadas as alegacións de unha e outra parte, consideramos oportuno realizar as seguintes consideracións:

### 1. Presunción de veracidade

O artigo 75 da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria consagra a presunción de veracidade ou valor probatorio das denuncias da policía local con competencias en materia de tráfico, sinalando que as denuncias formuladas polos Axentes da Autoridade encargados da vixilancia do tráfico darán fe, salvo proba en contrario, dos feitos denunciados e da identidade de aqueles que os cometeran, así como, no seu caso, da notificación da denuncia, sen prexuízo do deber de aqueles de aportar todos os elementos probatorios que sexan posibles sobre o feito denunciado. Esta presunción concede un valor iuris tantum de veracidade aos datos obxectivos contidos nas denuncias de infraccións formuladas por axentes da autoridade no exercicio das súas funcións.

Pero na aplicación da presunción anterior, xoga un papel fundamental o propio artigo 74 do mesmo texto, que determina que os Axentes da Autoridade encargados da vixilancia do tráfico deberán denunciar as infraccións que observen cando exerzan funcións de vixilancia e control da seguridade viaria. E co fin de garantir a correcta aplicación do papel fundamental que se lle outorga á presunción de veracidade, esíxese unha serie de requisitos formais que deben ser cumprimentados en tales casos, e que o mesmo artigo 74 relaciona detalladamente.

Da conxunción do articulado da lei, queda definida que tal presunción xoga naqueles supostos nos que o axente da autoridade é observador directo dos feitos que denuncia, e que obxectivamente poden ser constitutivos dunha infracción. O propio Tribunal Supremo, en sentenza de 25 de febreiro de 1998 manifesta expresamente que a presunción de veracidade debe referirse a aqueles feitos apreciados ou constatados materialmente polo funcionario intervinente como resultado da súa propia e persoal observación, non alcanzando ás deducións, apreciacións, consecuencias, hipóteses ou xuízo de valor que poda realizar dito funcionario. En definitiva, a presunción de veracidade non ampara a mera conxectura.

Tal presunción de veracidade, polo tanto, alcanza ou beneficia aos feitos consignados na acta por percepción directa do axente actuante, de forma que ao desempeñar a súa función os advirte e recolle como resultado da súa propia e persoal observación. A finalidade de atribuír certo valor probatorio ás declaracións destes axentes cando son observadores directos dos feitos denunciados é a de posibilitar que a Administración non vexa dificultada a consecución dos fins que se perseguen coa potestade sancionadora (prever e reprimir conductas que lesionen bens xuridicamente protexidos). Existen infraccións nas cales non é posible obter outro medio probatorio de súa comisión diferente á denuncia ou comprobación directa, dada a instantaneidade e fugacidade coa que ten lugar a acción típica, impedindo a súa verificación a través de outros medios.

Neste caso concreto, debemos descartar calquera aplicación da presunción de veracidade, xa que o axente non foi observador directo da suposta infracción, polo que ás súas afirmacións non están revestidas dunha especial forza ou valor probatorio, superior á versión dada polo particular.

## 2. Probas indiciarias

Toda vez que non ten cabida neste expediente a presunción de veracidade dos axentes de tráfico, debemos reflexionar sobre as probas existentes que permitan confirmar que os feitos sucederon tal e como afirma o axente denunciante, tendo en todo caso presente, que en dereito administrativo sancionador rexen con matices os principios do dereito penal, logo lle son aplicables as súas regras, tal e como o ten declarado en numerosas ocasións o Tribunal Supremo e o Tribunal Constitucional, significando que a persoa sometida a expediente ten a

presunción de inocencia que debe destruírse con proba de cargo. No expediente sancionador que aquí se cuestiona, non existe observación directa do axente e tampouco existen medios técnicos de captación dado que non hai cámaras nin outro tipo de dispositivos que recollan os feitos denunciados.

Neste caso, a imposición do expediente sancionador basease en probas indiciaria. Certo é que no noso ordenamento está plenamente admitida que a proba de cargo pode ser por indicios naqueles casos que o feito obxecto de proba non é constitutivo da infracción senón outro intermedio que permite chegar a él por inferencia lóxica, e que tal opción resulta completamente trasladable ao proceso administrativo sancionador. Pero non debe esquecerse que para admitir a proba indiciaria teñen que cumprirse unha serie de requisitos tales como: a) a proba indiciaria ten que partir de feitos plenamente probados; e b) os feitos constitutivos de delito han de deducirse deses feitos completamente probados a través de un proceso mental, razoado e acorde coas regras do criterio humano, explicitado na resolución. A falta de concordancia coas regras do criterio humano ou, noutros termos, a irrazoabilidade, pódese producir, tanto por falta de lóxica ou de coherencia na inferencia, cando os indicios constatados exclúan o feito que deles se fai derivar ou non conduzan naturalmente a él, canto polo carácter excesivamente aberto, débil ou indeterminado da inferencia. A posibilidade certa de que os feitos puideran ser levados a cabo da forma invocada polo denunciado, de xeito que exista dúas opcións pausibles de actuar, desvirtúa a forza do indicio como proba determinante para impoñer a sanción.

O Tribunal Constitucional ten sinalado que o maior subxectivismo da proba indiciaria obriga, como consecuencia lóxica, a extremar o rigor na aplicación da mesma, e se o razoamento acerca dos elementos de convicción nos que a Administración fundamenta a existencia da infracción por parte do propietario do vehículo nos feitos denunciados resulta irrazoable por insuficiente, a correspondente resolución sancionadora no superaría o test que supón esta vía de control y, en consecuencia, habilitaría a súa anulación por infracción do dereito á presunción de inocencia do art.24.2 da Constitución Española.

En virtude do anterior, resulta que a proba indiciaria no caso que nos atinxe, debe valorarse atendendo á suficiencia da mesma. A infracción denunciada polo axente non é a de ter o vehículo indebidamente estacionado, se non a presunción de que para estacionar o vehículo daquela maneira tivo que realizar unha manobra imprudente, incorrecta, negligente o con distracción. Non obstante, é un feito probado que o axente non observou a manobra que o denunciado fixo para estacionar, polo que a súa denuncia se basea na suposición de que para estacionar o vehículo de fronte tivo que invadir o sentido contrario. Sen embargo, á vista das fotografías, resulta dubidoso chegar a tal conclusión pois unicamente constátase o estacionamento dun coche perfectamente en liña, sen danos no mobiliario urbano ou na propia beirarrúa.

Ante a dúbida, máis que razoable, de que houbera negligencia ou distracción, non se pode quebrantar o dereito que ten o denunciado á presunción de inocencia. Pois tal como establece a sentenza de STS 26/10/98, para destruír a presunción de inocencia é necesario que se cumpran tres requisitos:

- A existencia duns feitos probados (indicios), que por si mesmos non constitúen un motivo de infracción.
- Feito deducido que constitúe unha conduta infractora.
- E un nexo ou razoamento que nos permita ter por certos os feitos deducidos.

Ao existir máis dun razoamento posible, poderíase estar castigando unha conduta que nunca se produciu, xa que os feitos indiciarios, non poden levar de maneira inequívoca á conclusión de que se realizou a conduta infractora.

#### CONCLUSIÓN

Por todo o indicado anteriormente, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño do Valedor do Pobo, facerlle chegar ó Concello de Santiago de Compostela a seguinte Recomendación:

*“Que, previos os trámites legais que resulten preceptivos, se proceda a deixar sen efecto a sanción imposta ao titular do vehículo sancionado, ao non quedar probada a comisión de infracción por existir dúbida razoable no nexo causal entre os indicios probados e a conduta infractora alegada polo axente de tráfico.”*

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes, de conta a esta Institución da aceptación da Recomendación formulada, no seu caso e das medidas adoptadas para darlle efectividade.

Ademais facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web de esta Institución.

Un atento saúdo.

Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo